



Escribo aínda co corpo roto polas horas de camiño e eufórico pola adrenalina do vivido. Acabo de chegar de Madrid e busco ansiosa o eco das Marchas da Dignidade na prensa do estado. A sensación de estafa é total. As cifras ridículas, a información nesgada, o modestísimo espazo, cando non a clara ausencia, nas portadas é común tanto nos xornais conservadores coma nos progresistas.

Supoño que somos moitos os que así nos sentimos, defraudados ao comprobar unha vez máis o grao de manipulación informativa da nosa chafalleira democracia, a penas unha capa de verniz que comeza a deteriorarse. *A revolución non será televisada*, non, como nos advirte o ensaio de Rebeca Bairecedo, pero que duro é comprobar o ángulo de sombra!

Eu estiven alí e xuro que vin algo novo, unha carraxe infinda, unha aguda consciencia e tamén, tamén a alegría da esperanza. Porque xa desde que coa columna galega puxen o pé na rúa empecei a recibir a calor, a acollida fraterna. No camiño ata a atopármonos coas outras columnas puiden ver como varias nais de sorriso ancho axitaban as manciñas dos seus naipelos para darnos a benvinda, como apacibles xubilados aplaudían, como mozas e mozos choutaban ao son da nosas gaitas. Confluímos na maré e sentínme asolagada pola cor de apenas dúas bandeiras: a republicana e a do orgullo gai, as predominantes nunha marcha na que se acordou deixar de lado toda ansia partidista e buscar a afinidade esencial que nos une: a condición de obreiros depauperados.

Vaise acabar!

Escrito por Rexina Vega - Praza Pública
Xoves, 27 Marzo 2014 18:44

E vin a xente, a enorme diversidade, inmigrantes, nativas, mozas, vellas, con fillos, sen eles, dos barrios, do centro, refinadas, sen refinar: **alí estaban** **persoas de toda clase e condición, imposible trazar un denominador común, alí a maioría que xa non se resigna, que deixou de ser silenciosa** . Pan, traballo e teito reclamábase, algo tan primordial que estarrecía, que daba a medida exacta do sufrimento. Loita obreira.

Vaise acabar, vaise acabar, vaise acabar a paz social, esa era unha das consignas que berrabamos alentados polos integrantes do SAT andaluz, mulleres e homes que malia teren os pés rotos polos días de camiño e a voz desfeita nos animaban cunha forza visceral. Sanidade pública, escola pública, traballo digno, todos coreando as consignas, todos levados da alegría que dá o plantarmos cara xuntos, o poñermos xuntos nome ás nosas angustias.

Pero só foi cando pisei o escenario do acto central, onde fun convidada a falar en nome da Columna Galega, cando tiven **a certeza absoluta de estar ante algo que nace, ante algo que morre**. Alí á beira dos altofalantes que reproducían **Al alba** de Aute, contemplando a inmensidade da marea humana berrando ao unísono “Sí, podemos” pensei que si, que era verdade que a Transición rematara, que os marcos de convivencia rebentaran e que para garantir de novo a paz social ía ser preciso pactar doutro xeito e con outros axentes. Desde aquela atalaia, cos rudos homes do SAT, Cañamero, Gordillo, homes de argumentos contundentes e espidos de retórica libresca, albisquei por fin unha posible saída destes anos escuros. Pequenos sindicatos, Plataformas Cívicas, Colectivos profesionais, todos estaban alí, á marxe de calquera aparato establecido facendo posible o consenso, asumindo a responsabilidade individual na loita. Democracia participativa. Cidadáns politicamente conscientes.

E si, desde alí, desde a atalaia, pensei en que todo aquilo non podía ser un espellismo, en que o longo camiño encetado no Prestige e o 15M posúe encarnadura en millóns de mulleres e homes que están tomando a estraña resolución de ser razoables e **marcar cun trazo intensamente vermello non aquilo que nos separa senón aquilo que nos une**

.